

# RECURSOS DIDÁCTICOS A PLÁSTICA CASTREXA



Dende sempre, a plástica castrexa foi obxecto de especial atención por parte d@s investigador@s; de feito, aínda na actualidade seguen a discutirse algunhas cuestións relacionadas co seu significado, cronoloxía, orixe ou simboloxía.

## QUE SABEMOS DA SÚA CRONOLOXÍA?



Existen dúas hipóteses diferenciadas:

1. **Etapa prerromana:** xurdiría nun momento impreciso comprendido entre inicios do S. II a. C. e fins do S. I. a. C., aínda que continuaría viva despois do cambio de era.
2. **Etapa romana:** datase na 1ª metade do século I d.C. e lígase a súa aparición ao influxo romano.

O certo é que durante boa parte da primeira metade do S. I d. C. a plástica castrexa estivo plenamente en vigor; pero iso non impide que, determinadas pezas e temas da escultura e decoración arquitectónica, poidan ser de orixe e de creación prerromana.

## CAL ERA A SÚA FUNCIONALIDADE?

As principais funcións que se lle atribúen son a decorativa e a simbólica . En calquera dos casos, esta arte representa unha das manifestacións culturais máis xenuínas da historia do NO peninsular; pondo de manifesto a riqueza formal que se alcanzou contra o final desta cultura.

## CALES SON OS PRINCIPAIS MOTIVOS DECORATIVOS QUE APARECEN REPRESENTADOS?



A. **Rosáceas:** domina a roseta de seis pétalos, moi frecuente tamén nos remates dos torques castrexos.

B. **Esvásticas:** de raios curvos, que poden virar á dereita e á esquerda. Presentan numerosas variantes de tres, catro ou seis aspas (trísceles, tetrásceles, hexásceles).

C. **Motivos helicoidais:** o principal é o cordado, empregado frecuentemente para enmarcar motivos máis complexos.

D. **Sogueados e entrelazados:** poden alcanzar unha gran complexidade, sempre sometidos ás leis da simetría e do ritmo propio dun estilo xeométrico curvilíneo.

## EXEMPLOS RECENTES NO CASTRO DE SAN CIBRAO DE LAS

As figuras de guerreiros conforman unha das manifestacións máis atractivas dentro da estatuaría castrexa. Neste caso, trátase dunha cabeza cortada (escultura antropomorfa en granito).

Tríscele pintado (primeira representación pictórica desta forma no noroeste peninsular).

